

Noticias destacadas

ECOBAS RECIBE A VISITA DE
JOAN CORNET

Cornet, que ten desenvolvido a súa traxectoria profesional en institucións coma a Comisión Europea, o Parlamento Europeo ou a Generalitat de Catalunya, entre outras, dirixe na actualidade o *Digital Health Observatory* de ECHalliance.

UN BLOG DA LONDON
SCHOOL OF ECONOMICS
RECOLLE NA SÚA PORTADA
UN ARTIGO PUBLICADO POR
INVESTIGADORES DE ECOBAS

O LSE Business Review dedicou unha portada ó artigo *From Efficiency-Driven to Low-Carbon Operations Management: Implications for Labor Productivity*, publicado na revista 'Journal of Operations Management' por Antonio Sartal, Miguel Rodríguez Méndez e Xosé H. Vázquez, investigadores de ECOBAS.

Coñece ó noso equipo...

MANUEL VARELA LAFUENTE,
investigador do grupo ERENEA

Manuel Varela Lafuente é Catedrático de Economía Aplicada e, dende 2019, Profesor Emérito da Universidade de Vigo. É membro do equipo ERENEA, onde ten desenvolvido a meirande parte da súa traxectoria investigadora, centrada en Economía dos Recursos Naturais e o Medio Mariño. Acredita 165 publicacións (77 en revistas indexadas e o resto noutras edicións), 89 comunicacións a congresos (38 internacionais), 65 proxectos e contratos de investigación (30 en réxime competitivo, sendo IP en 10 proxectos e 21 contratos), e ten dirixido 8 teses doutorais.

En tarefas de representación, dinamización e xestión académica, en Vigo foi primeiro Decano da Facultade de Económicas e Empresariais (1987-90), Director do Departamento de Economía Aplicada (5 anos), membro da Comisión Executiva de Investigación de Campus do Mar, e primeiro Coordinador do seu Programa de Doutoramento (2011-16). Ademais, foi socio fundador e membro das primeiras directivas da Asociación Libre de Economía, ALDE, (2003-06), e da Asociación Hispano-Portuguesa AERNA, (2002-11), e membro da directiva galega da Asociación de Ciencia Rexional (1996-2004). Tamén foi socio fundador da Revista de Economía Aplicada (1993), e membro do consello de redacción de 'Economía Agraria y Recursos Naturales' (2007-15) e da 'Revista de Estudios Agrosociales y Pesqueros' (2002-08). Ten sido membro de comités en ANECA (2003-04) e ACSUG (2008-09), é membro do Foro Económico de Galicia, e ten colaborado en diversas iniciativas de difusión e impacto social en Galicia.

Convocatorias abertas e eventos de interese

MCIU – Axudas para contratos Juan de la Cierva Incorporación
• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 21 de xaneiro de 2020

MCIU – Axudas para contratos Juan de la Cierva Formación
• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 22 de xaneiro de 2020

MCIU – Axudas para Doutoramentos Industriais
• Prazo de presentación de solicitudes: ata o 11 de febreiro de 2020

Ver todas as noticias

